

A acampada pola xustiza social continua en Vigo



Continua medrado o campamento reivindicativo na praza do Concello, para nós Â a "Praza da Xustiza Social"



O Venres, 3 de marzo, celebraremos actividades lúdico-reivindicativas. Ás 11:30 da mañá, farase o xuízo ao Meco cunha previa pequena lectura presentación aludindo aos valores da loita, solidariedade, etc. Tamén contaremos con actuacións para as máis cativas.

Antes, o lúnes 27, hai reunión coa Xunta para plantexarlle as nosas propostas e inquedanzas sobre as deficiencias do Albergue Municipal, os desfiuzamentos na cidade de Vigo e sobre o desamparo institucional que sofren as máis de 80 persoas que actualmente viven sen teito no que cobixarse.